

O soño da sultana

Rokeya Sakhawat Hussain

Tradución de María Reimóndez Meilán



Aconteceu unha tarde calquera que me atopaba eu deitada na chaise longue do meu cuarto e pensando preguiceira sobre a condición da muller na India que non sei se adormecín ou que aconteceu. Aínda así, polo que lembro, estaba ben esperta. Vin o ceo de luar escintilar con miles de estrelas diamantinas, vinas claramente.

De socate unha muller apareceu de pé diante miña, iso que ignoro como chegou ata alí. Pensei que era a miña amiga, a irmá Sara.

-Bos días –dixo a irmá Sara. Sorrín para min porque sabía ben que non era de mañá, senón que estabamos na noite estrelada. Aínda así, contestei dicíndolle:

-Que tal se atopa?

-Moi ben, grazas. Gustaríalle saír e botar unha ollada ao noso xardín?

Volvín mirar para a lúa a través da ventá aberta e pensei que tampouco facía mal ningún saíndo a aquela hora. Os criados estaban xa durmidos a aquela hora e podía dar un bo paseo coa irmá Sara.

Cando estabamos en Darjeeling adoitaba dar paseos coa irmá Sara. Cantas veces non tiñamos camiñado da man e falado sen preocupación naqueles xardíns botánicos.

Ocorríase que a irmá Sara viñera seguramente levarme a un xardín semellante e enseguida aceptei a súa oferta e saín con ela.

Ao camiñar decateime, para a miña sorpresa, de que era unha mañá cumprida. A vila estaba xa esperta e as rúas cheas de vida e de multitudes rebuldeiras. Sentíame cohibida, pensando que andaba pola rúa á luz do día pero tampouco se vía ningún home por ningures.

Algunhas das persoas que camiñaban pola rúa facían risa de min. Aínda que non entendía o seu idioma estaba segura de que andaban de broma e pregunteille á miña amiga:

-Que andan dicindo?

-As mulleres din que semellas moi masculina.

-Masculina? –dixen eu-. A que se refiren?

-Refírense a que es tímida e apoucada coma os homes.

-Tímida e apoucada coma os homes? –iso si que era unha broma. Púxenme nerviosa cando me dei de conta de que a miña acompañante non era a irmá Sara senón unha descoñecida. Pero que parva fora ao confundir aquela muller coa miña vella amiga a irmá Sara.

Sentiu como me tremían os dedos na súa man ao ir camiñando da man.

-E logo que che acontece, querida? –díxome cariñosamente.

-Síntome un tanto incómoda –dixen eu nun ton de desculpa- porque como son unha muller que respecta a reclusión do *pardah* non teño hábito de saír á rúa sen o veo.

-Non teñas medo de que vaias ver un home por aquí. Isto é Mullerelandia, libre de pecado e de mal. Aquí reina a virtude mesma.

Pouco a pouco íame gustando a paisaxe. Abofé que era fermosísima. Confundín un anaco de herba verde cun coxín de veludo. Sentía como se camiñase por riba dunha alfombra mol, mais ao mirar cara abaixo atopei o carreiro cuberto de musgo e flores.

-Que fermoso é –dixen

-Gústache? –preguntou a irmá Sara (eu seguíalle chamando “irmá Sara” e ela seguíame chamando polo nome).

-Moito, pero non quero tripar nas tenras e doces flores.

-Tanto ten, miña querida sultana, por tripar non lles has facer mal, son flores da rúa.

-O lugar enteiro semella un xardín –dixen con admiración-. Arranxastes todas as plantas con moito esmero.

-A túa Calcuta tamén se podería converter nun xardín aínda máis fermoso ca este se os teus compatriotas así o quixeren.

-Habían pensar que é algo inútil dedicarlle tanta atención á horticultura cando teñen tantas outras cousas que facer.

-Daquela non se lles ocorre mellor escusa –díxome sorrindo.

Entroume moita curiosidade por saber onde andaban os homes. Cruceime con máis de cen mulleres mentres andaba de paseo, pero non vin nin un home.

-Onde están os homes? –pregunteille.

-No lugar que lles corresponde, onde deben estar.

-Polo que máis queiras explícame a que te refíres con iso do “lugar que lles corresponde”.

-Ah, xa vexo que cometín un erro, que non coñeces os nosos costumes dado que nunca antes estiveras aquí. Os homes témolos pechados na casa.

-Igual que a nós nos teñen na *zenana*?

-Xustiño.

-Que gracioso –boteime a rir. A irmá Sara tamén riu.

-Pero miña querida Sultana, non ves o inxusto que é encerrar as mulleres que non fan mal a ninguén e deixar os homes ceibos.

-Por que? Non é seguro que nosoutras saiamos da *zenana* porque somos febles por natureza.

-Si, claro, non é seguro mentres haxa homes pola rúa, igual que non é seguro deixar un animal salvaxe entrar no mercado.

-Claro.

-Imaxinemos que uns perturbados escapan do manicomio e comezan a facer calquera falcatuada a homes, cabalos ou outras criaturas, que farían nese caso os teus compatriotas?

-Tentarían collelos e devolveos ao manicomio.

-Velaí! E ti non pensas que está ben poñer a xente que está corda nun manicomio e deixar os tolos fóra, ou?

-Claro que non! –dixen rindo abertamente.

-Pois así como o ves, iso é o que se fai no teu país. Os homes, que fan, ou polo menos teñen a capacidade de facer, falcatuadas de todo tipo andan ceibos e as mulleres que non fan mal ningún pechadas na *zenana*. Como podedes deixar ceibos eses homes descontrolados pola rúa?

-Non temos nin arte nin parte na xestión dos temas sociais. Na India o home é señor e amo. Abrogou para si todos os poderes e privilexios e pechou ás mulleres na *zenana*.

-Por que deixades que vos pechen?

-Porque non o podemos evitar dado que son máis fortes cás mulleres.

-Un león é máis forte ca un home pero non lle permite isto dominar o xénero humano. Desatendestes as obrigas que vos debedes a vosoutras mesmas e perdestes os vosos dereitos naturais por pechar os ollos ao voso propio interese.

-Pero miña querida irmá Sara, se facemos todo por nós mesmas, que han facer os homes?

-Non teñen nada que facer: perdoando, non valen para nada. O único que tedes que facer é atrapalos e metelos na *zenana*.

-Pero pensas que sería doado atrapalos e metelos entre catro paredes? –dixen eu- E mesmo se facemos tal, o resto dos seus asuntos (os políticos e os comerciais) tamén irían con eles á *zenana*?

A irmá Sara non me contestou. Só me sorriu con dozura. Se cadra pensou que non tiña sentido argumentar con unha que non é mellor ca unha ra nun pozo.

Para aquelas chegamos á casa da irmá Sara. Situábase nun xardín fermoso con forma de corazón. Era un bungalow cun tellado de metal ondulado. Ía máis fresco e estíbese

moito mellor que en ningún dos nosos ornamentados edificios. Non podo describir o ordenado e o ben amoblado que estaba e con que gusto o decoraran.

Sentamos unha a carón da outra. Tróuxome do miradoiro unha peza de bordado e comezou un labor novo.

-Sabes calcetar e bordar?

-Sei, non temos nada mellor que facer na nosa *zenana*.

-Pois nosoutras non lles confiamos o bordado aos membros da nosa *zenana*! –dixo rindo –porque os homes non teñen paciencia para pasar nin o fío polo ollo da agulla!

-Logo todo isto fixéchelo ti soa? –pregunteille sinalando todos os tapetes bordados para a mesiña.

-Fixen.

-E de onde sacas o tempo para faceres todas estas cousas? Tamén tes que facer o traballo da oficina, non si?

-Si. Pero non paso todo o día no laboratorio. Remato o traballo en dúas horas.

-En dúas horas! E como das? No meu país os que traballan de oficina –os maxistrados, por exemplo- traballan sete horas ao día.

-Teño visto a algúns traballando. Ti pensas que traballan as sete horas?

-Pois claro!

-Pois non, miña querida Sultana, non. Perden o tempo fumando. Algúns fuman dous ou tres xarotos durante as horas de oficina. Falan moito do traballo pero fan pouco.

Imaxinemos que cada xaroto precisa media hora para arder de todo e que un home fuma doce xarotos ao día, como podes ver, perde seis horas cada día nada máis que fumando. Falamos de diferentes temas e souben que non padecían ningunha enfermidade epidémica, nin picaduras de mosquito como era o noso caso. Quedei abraiada ao saber que en Mullerelandia ninguén morría na mocidade excepto por accidentes pouco frecuentes.

-Gustaríache ver a cociña? –preguntoume.

-Con gusto –contesteille e funa ver. Por suposto que se lles pedira aos homes que saísen antes de entrar eu. A cociña estaba situada nun fermoso horto. Cada enredadeira, cada tomateira era en si mesma un ornamento. Non había fume nin cheminea na cociña, que era clara e luminosa, as ventás decoradas con xardíns de flores. Non había rastro de carbón ou lume.

-Como cociñades? –preguntei.

-Con enerxía solar –díxome, amosando ao mesmo tempo o conduto polo que pasaba a concentración de sol e calor. E alí mesmo cociñoume algo para que vise o proceso.

-E como destes recollido e gardado a calor do sol? –pregunteille abraiada.

-Déixame logo que che conte algo da nosa historia. Hai trinta anos, cando a nosa Raíña actual tiña trece, accedeu ao trono. Era Raíña só de nome porque era o Primeiro Ministro quen gobernaba realmente o país.

Á boa da nosa Raíña gustáballe moito a ciencia. Emitiu unha orde que indicaba que todas as mulleres do país tiñan que recibir educación. Así, fundáronse moitas escolas de rapazas e recibiron apoio do goberno. A educación espallouse ás mulleres por todas partes. E púxose fin aos matrimonios adolescentes. Ningunha muller podía casar antes dos vinte e un anos. Teño que dicirche que antes deste cambio a nós tíñannos en *pardah* estrito.

-Pois como cambiou o conto! –interrompín rindo.

-Pero a separación seguiu sendo a mesma –dixo-. Nuns cantos anos tiñamos universidades separadas nas que non podían entrar os homes.

Na capital, onde vive a nosa Raíña, hai dúas universidades. Unha delas inventou un globo fantástico ao que conectaron varios condutos. Con este globo, que manteñen flotando por enriba das nubes, puideron tirar tanta auga da atmosfera como quixeron. Como a auga a retiraban dende a universidade non se xuntaban nubes e a moi enxeñosa decana fixo parar as choivas e treboadas.

-De verdade? Agora entendo por que non hai lama! –dixen. Pero non entendía como daban acumulado a auga nos canos. Explicoume como se facía pero non dei entendido porque o meu coñecemento científico era moi limitado. Aínda así, seguiu:

-Cando na outra universidade tiveron coñecemento disto, entroulles a envexa e tentaron facer algo aínda máis extraordinario. Inventaron un instrumento para recoller tanta calor do sol como se quixer. E acumularon a calor para poder distribuíla entre todo o mundo a pracer.

Mentres que as mulleres andaban na investigación científica, os homes deste país ocupaban o tempo en incrementar o seu poder militar. Cando chegou aos seus oídos que as universidades de mulleres eran quen de tirar auga da atmosfera e recoller calor do sol, o único que fixeron foi rir delas e chamarlle a todo o asunto un “pesadelo sentimental”!

-Os vosos logros abofé que son marabillosos! Pero cóntame como destes metido os homes do voso país na *zenana*. Colléstelos primeiro?

-Non.

-Non semella probable que entregasen sen máis a súa liberdade e vida no exterior por decisión propia e que se confinasesen ás catro paredes da *zenana*! Teríadelos que vencer.

-Abofé!

-Quen os venceu? Imaxino que algunhas guerreiras.

-Non, non foi polas armas.

-Claro, iso non pode ser. As armas dos homes son máis fortes cás das mulleres.

Daquelas?

-Polo cerebro.

-Tamén os seus cerebros son máis grandes e pesados cós das mulleres, non si?

-Si, e que? Un elefante tamén ten un cerebro máis grande e máis pesado có dun home.

Aínda así os homes son quen de encadear elefantes e utilízalos segundo os seus desexos.

-Ben dito, pero dime por favor como foi que aconteceu. Morro por sabelo!

-Os cerebros das mulleres son máis rápidos cós dos homes. Hai dez anos, cando os altos cargos do exército denominaron os nosos descubrimentos científicos como “un pesadelo sentimental” algunhas mozas quixeron dicir algo para contestar a tales comentarios.

Pero ambas decanas contivéronas dicíndolles que deberían contestar pero non de palabra senón de acto, se se lles daba a oportunidade. E non tiveron que agardar moito por ela.

-Fantástico! –dei palmadas entusiasmada –Así que agora os orgullosos cabaleiros andan soñando soños sentimentais.

-Pouco despois viñeron algunhas persoas dun país veciño para refuxiarse no noso. Tiñan problemas porque cometeran un delito político. O seu rei, que se preocupaba máis polo poder que polo bo goberno, pediulle á nosa Raíña de bo corazón que as entregase aos seus enviados. Ela negouse porque era algo contrario aos seus principios non acoller persoas refuxiadas. Ante esta negativa o rei declarou a guerra ao noso país.

Os nosos altos mandos militares puxéronse de pé dun salto e marcharon para enfrontarse ao inimigo. Porén, o inimigo era demasiado forte para eles. Os nosos soldados loitaron con afouteza, non hai dúbida. Pero a pesar de toda a súa coraxe o exército estranxeiro avanzaba paso a paso para invadir o noso país.

Case todos os homes marcharan á batalla, mesmo os rapaces de dezaseis anos non ficaban na casa. A maioría dos nosos guerreiros morreron, o resto tiveron que retroceder e o inimigo chegou a vinte e cinco millas da capital.

No palacio da Raíña celebrouse unha xuntanza de sabias para dar consello sobre o que se debería facer para salvar o país. Algunhas propuxeron loitar como soldados, outras

obxectaron e dixeron que as mulleres non recibiran adestramento para loitar con espadas e armas de fogo e que ademais non estaban afeitas a loitar con armas de ningún tipo.

Unha terceira comentou amolada que non había xeito, eran febles de corpo.

“Se non podedes salvar o voso país por falta de forza física” dixo a Raíña “facédeo co poder do voso cerebro”.

Fíxose un silencio mortal durante uns minutos. A súa Alteza Real dixo de novo:

“Suicidareime se perdo o país e a miña honra”.

A decana da segunda universidade (a que recollera a calor do sol), que estivera sentada en silencio durante a consulta, comentou que estaban máis que perdidas e que non quedaba grande esperanza, pero que si había un plan que lle gustaría probar, e que este sería o seu primeiro e último esforzo, se non tiña éxito nada podería impedir que se suicidase. Todas as presentes xuraron solemnemente non deixarse escravizar, pasase o que pasase.

A Raíña deulles as grazas enfaticamente e pediulle á decana que puxese en marcha o seu plan. A decana ergueuse de novo e dixo “antes de que saíamos os homes teñen que entrar nas *zenanas*. Pido isto para poder manter o *purdah*”. “Por suposto”, contestou a súa Alteza Real.

Ao día seguinte a Raíña fixo un chamamento a todos os homes para que se retirasen ás *zenanas* pola honra e a liberdade. Feridos e cansos como estaban tomárono como unha beizón! Fixeron unha profunda reverencia e entraron nas *zenanas* sen dicir unha palabra de protesta. Estaban seguros de que non había esperanza ningunha para o país.

Logo a decana coas súas dúas mil alumnas marchou ao campo de batalla e ao chegar dirixiron todos os raios de sol e a calor concentrada cara ao inimigo.

A calor e a luz resultábanlles insoportables. Correron cheos de pánico, sen saber no seu atordamento como arrepoñerse á calor implacable. Cando marcharon deixaron as armas e a munición da guerra, que arderon coa mesma calor do sol. Dende entón ninguén tentou invadir o noso país nunca máis.

-E dende aquelas os vosos compatriotas tentaron deixar a *zenana*?

-Si, querían ser libres. Algúns dos xefes de policía e maxistrados de distrito mandaron aviso á Raíña informando de que os altos mandos do exército si merecían a prisión polo seu fracaso, pero que eles nunca deixaran de facer ben a súa tarefa e que polo tanto non debían ser castigados e que pregaban que se lles restituísen os seus empregos.

A súa Alteza Real mandoulles unha circular facéndolles saber que se nalgún momento se precisaban os seus servizos que os mandarían chamar e que entrementes deberían

permanecer onde estaban. Agora que se afixeron ao sistema de *pardah* e deixaron de rosmar por estar recluídos chamámoslle ao sistema “mardana” no canto de “zenana”.

-Pero como dades feito –pregunteille a irmá Sara –sen policía nin maxistrados cando hai roubos ou asasinatos?

-Dende que se estableceu o sistema de *mardana* non houbo máis crimes nin delitos, así que non necesitamos a policía para descubrir quen é culpable, nin tampouco maxistrados para xulgar o caso.

-Iso si que está moi ben. Supoño que se algunha persoa fose deshonesto poderíades levala de volta ao rego facilmente. Como gañastes unha vitoria decisiva sen deitar unha pinga de sangue, poderíades acabar coa delincuencia e os delincuentes sen moita dificultade!

-Agora, miña querida Sultana, queres sentar aquí ou vir ao miradoiro? –preguntoume.

-A túa cociña non é inferior aos aposentos dunha raíña! –repliquei cun sorriso compracido.

- Pero agora temos que marchar porque os homes me deben de estar maldicindo por mantelos afastados das súas obrigas na cociña tanto tempo –ambas comezamos a rir alegremente.

-Aínda se han de divertir e abraiar as miñas amigas cando lles conte que na terra afastada de Mullerelandia as mulleres dominan o país e controlan todos os temas sociais, mentres que os homes están recluídos en *mardanas* para coidar das crianzas, cociñar e facer todo tipo de traballos domésticos, e que cociñar é tan doado que é ata un pracer!

-Si, cóntalles todo o que ves.

-Por favor cóntame como labrades a terra e como sachades e facedes outros traballos manuais pesados.

-O traballo no campo facémolo con electricidade, que proporciona forza motriz para outros traballos pesados e tamén se utiliza para a comunicación aérea. Aquí non hai nin vías nin estradas asfaltadas.

-Daquela non hai nin accidentes de tráfico nin de ferrocarril- dixen eu-. E nunca padecedes por carestía de auga de choiva? –preguntei.

-Nunca dende que establecemos o “globo de auga”. Ves o grande globo do que saen os condutos? Coa súa axuda podemos tirar tanta auga da choiva como queiramos.

Tampouco padecemos nin inundacións nin treboadas. Estamos ocupadas só en facer que a natureza produza tanto como poida. Non atopamos tempo para liortas porque nunca

sentamos sen facer nada. A nosa nobre Raíña é unha enorme afeccionada á botánica, a súa ambición é facer de todo o país un fermoso verxel.

-A idea é excelente. E cal é o voso alimento principal?

-A froita.

-Como mantedes o país fresco na época de calor? Para nós a choiva do verán é como unha beizón do ceo.

-Cando a calor se fai insoportable refrescamos o chan regularmente con auga das fontes artificiais. E na estación fría mantemos os cuartos quentes coa calor do sol.

Amosoume o seu baño, que tiña un teito que se podía retirar. Podía ducharse cando quería simplemente quitando o tellado (que era como a tapa dunha caixa) e abrindo a billa do cano da ducha.

-Si que sodes un pobo afortunado! –exclamei-. Non tedes carencia ningunha. E cal é a vosa relixión, se se me permite preguntar?

-A nosa relixión baséase no Amor e a Verdade. O noso deber relixioso é amar e ser totalmente honestas. Se unha persoa mente...

-Condénase a morte?

-Non, a morte non. Non nos gusta matar ningunha criatura de Deus, sobre todo os seres humanos. A persoa que mente ten que deixar o país para sempre e non volver nunca máis.

-E perdóase a ofensa nalgún caso?

-Si, se a persoa se arrepite sinceramente.

-E non se vos permite ver a ningún home excepto os vosos parentes?

-Ningún excepto relacións de parentesco sagradas.

-O noso círculo de relacións de parentesco sagradas é moi limitado, ata os curmáns primeiros non son sagrados.

-Pero a nosa é moi ampla, un curmán afastado é tan sagrado coma un irmán.

-Iso está moi ben. Vexo que a pureza reina na vosa terra. Gustaríame ver a vosa boa Raíña que é tan sagaz e de amplas miras e que puxo en marcha todas estas normas.

-De acordo –dixo a irmá Sara.

Logo aparafusou un par de asentos a unha placa cadrada. A esa placa uniulle dúas bólas suaves e ben pulidas. Cando lle preguntei para que eran as bólas díxome que eran bólas de hidróxeno e que se usaban para sobrepoñerse á forza da gravidade. As bólas tiñan diferentes capacidades dependendo do peso que se quixese superar. Logo axustoulles dúas aspas con forma de á ao coche aéreo e dixo que funcionaban con electricidade.

Despois de que nos sentamos comodamente deulle a unha panca e as aspas comezaron a xirar, movíanse cada vez máis axiña. Ao principio erguémonos a unha altura de seis ou sete pés e logo alá fomos polo aire. E antes de que me dese de conta de que nos empezamos a mover, chegamos ao xardín da Raíña.

A miña amiga abaixou o coche aéreo revertendo a acción da máquina e cando o coche tocou o chan a máquina parou e baixamos.

Dende o coche aéreo vira a Raíña camiñar por un carreiro do xardín coa súa filla pequena (que tiña catro anos) e as súas criadas.

-Ola! Así que viñeches! –berrou a Raíña dirixíndose á irmá Sara. Presentáronme á súa Alteza Real e fun recibida por ela cordialmente e sen ningunha cerimonia.

Estaba máis que emocionada de coñecela. No transcorrer da conversa que mantiven con ela a Raíña díxome que non tiña problema en permitir que as súas súbditas fixesen negocios con outros países.

-Pero –continuou- non é posible establecer negocios con países onde teñen as mulleres en *zenanas* e polo tanto non poden vir e facer negocios connosco. Os homes dános a sensación de que teñen baixa moral e non os gusta negociar con eles. Non cobizamos a terra doutros pobos, non loitamos por un anaco de diamante mesmo se é mil veces máis brillante có Koh-i-Noor, e tampouco lle envexamos a un rei o seu Trono de Pavo Real. Mergullámonos a fondo no océano do coñecemento e tentamos atopar as xemas preciosas que a natureza garda para nosoutras. Gozamos dos presentes da natureza tanto como podemos.

Despois de deixar a Raíña visitei as famosas universidades e amosáronme algunhas das fábricas, laboratorios e observatorios.

Despois de visitar os lugares xa mencionados novamente subimos ao coche aéreo pero en canto comezou a moverse dalgún xeito fun esvarando e a caída sobresaltoume e espertei do meu soño. E cando abrín os ollos atopeime no meu cuarto aínda deitada na chaise longue!